



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Teoría da educación	Código	652G01001	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cruz Lopez, Laura	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es	
Profesorado	Cruz Lopez, Laura Zapico Barbeito, M <sup>a</sup> Helena	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es helena.zapico@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
A27	Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.



B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B23	Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
<p>Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.</p> <p>Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.</p> <p>Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.</p> <p>Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.</p> <p>Dominar as técnicas de observación e rexistro. Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.</p> <p>Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.</p> <p>Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.</p>	A1		
	A4		
	A19		
	A23		
	A24		
	A27		
	A28		
A31			
<p>Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.</p> <p>Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.</p> <p>Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.</p> <p>Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.</p> <p>Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.</p> <p>Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.</p>	A5		
	A6		
	A10		
	A13		
	A22		
	A30		
<p>Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.</p> <p>Traballar de forma colaborativa.</p> <p>Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.</p> <p>Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.</p>		B4	
		B5	
		B14	
		B24	
<p>Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.</p> <p>Capacidade de análise e síntese.</p> <p>Capacidade de organización e planificación.</p> <p>Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.</p>		B7	
		B10	
		B12	
		B16	



Aprender a aprender. Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo. Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. Autonomía na aprendizaxe. Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas. Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica. Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas. Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.		B1 B3 B6 B9 B15 B18 B22 B23
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		C4 C7 C8
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Explicación e comprensión do feito educativo.	1.1. A Teoría da Educación: niveis de análise e planos explicativos. 1.2. Ámbito conceptual: caracterización científica da educación. 1.3. Natureza e funcións sociais da educación.
2. Dimensións, fins e principios da educación.	2.1. Dimensións presentes en toda práctica educativa. 2.2. Fins, valores e principios deontolóxicos da educación. 2.3. Relacións estruturais entre educación e sociedade. A institución escolar como produto social. 2.4. Aproximación aos paradigmas en educación e movementos pedagóxicos contemporáneos.
3. O dereito á educación.	3.1. Educación e Estado Social: aspectos xerais do dereito á educación. 3.2. Lexislación e dereito á educación: perspectiva nacional e internacional. 3.3. Dereito á educación: igualdade, liberdade e calidade. 3.4. A institucionalización da educación: os sistemas educativos nacionais.
4. A educación como proceso de comunicación interpersonal.	4.1. Comunicación e educación. 4.2. A experiencia educativa de Reggio Emilia. 4.3. Comunicación e saber profesional: O educador/a como profesional. Tensións e incertidumes do profesorado actual.
5. Educación ao longo da vida e sociedade educativa.	5.1. A educación ao longo da vida: concepto, necesidade e evolución histórica. 5.2. Sociedade educativa: proxecto educativo de cidade; cidades amigas da infancia; etc.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	15	0	15
Actividades iniciais	3	0	3
Análise de fontes documentais	12	20	32
Recensión bibliográfica	0	25	25



Estudo de casos	3	15	18
Presentación oral	4	5	9
Traballos tutelados	0	10	10
Portafolios do alumno	0	10	10
Proba de ensaio	0	6	6
Discusión dirixida	6	0	6
Eventos científicos e/ou divulgativos	2	4	6
Atención personalizada	10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos da materia diante do alumnado, complementada co uso dos recursos pertinentes (textuais e/ou audiovisuais) e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado para motivar a reflexión e o diálogo aberto. A obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Actividades iniciais	Nas primeiras sesións de clase levaranse a cabo actividades de carácter expositivo, por parte do profesor, nas que se presentará o programa da materia e a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.
Análise de fontes documentais	Análise crítica e reflexiva de documentos e fontes relevantes (bibliográficos, lexislativos, audiovisuais, xornalísticos...), o que implica a identificación e comprensión dos aspectos clave en relación cos contidos da materia, co fin de interpretar e cuestionar a realidade que se nos amosa.
Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, artigo ou calquera outro documento escrito. Comprende, ademais da lectura da obra en cuestión, a análise do seu contido, unha crítica e mesmo unha valoración en relación con outros documentos de igual ou parecida natureza.
Estudo de casos	Consiste na procura e/ou achegamento dunha serie de casos ou experiencias educativas para o seu estudo, análise e discusión á luz dos referentes teóricos da materia.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados tanto de xeito individual como colectivo, diante do grupo de referencia, procurando tirar algunhas conclusións sobre o problema de investigación, documento ou experiencia abordada.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte do docente. Tendo como referencia os contidos e a bibliografía da materia, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, realizarase en grupo (4-5 persoas) un traballo de ampliación sobre un dos 5 bloques temáticos, que contemplará a recensión dun libro, a busca e análise de novas de prensa, e/ou un estudo de caso sobre unha experiencia, un programa ou recurso relacionado.  Será preciso desenvolver, como mínimo, dúas sesións de tutoría nas que presentar o guión do traballo e facer o seguimento do mesmo. As datas serán acordadas na aula.  Ademais de ser incluído no cartafol, cada grupo expoñerá nunha sesión interactiva o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.
Portafolios do alumno	Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollen os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Realizarase a nivel grupal (entre 4-5 integrantes) e inclúranse aquelas actividades indicadas pola/o docente, referentes tanto ás sesións expositivas como interactivas, e que poden abranguer: notas de clase, mapas conceptuais, glosarios, recensións de fontes documentais, resumo de eventos científicos e/ou divulgativos... De cada actividade recollerase ademais unha valoración sobre a práctica desenvolvida (contidos abordados, competencias adquiridas, metodoloxía aplicada...). Así mesmo, presentarase ao final unha autoavaliación individual do proceso de aprendizaxe, das competencias adquiridas, do grao de participación e implicación, do tempo dedicado...  O cartafol é froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado ?previo e posterior?, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor, na aula e no horario de tutorías.



Proba de ensaio	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Discusión dirixida	En base a lecturas previas de carácter obrigatorio, a través das que recoller diferentes argumentacións sobre unha temática, favorecendo o debate e contraste de opinións fundamentadas, coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación en actividades de carácter científico e/ou divulgativo (congresos, xornadas, simposios, cursos, conferencias, exposicións...), que teñan relación coa materia. Deben entenderse como unha estratexia complementaria de formación e nunca como substitutiva de outras.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral Estudo de casos Portafolios do alumno Recensión bilbiográfica	Para o desenvolvemento do traballo tutelado (no que se inclúe unha recensión bibliográfica e estudo de casos), para a súa presentación oral e para a realización do portafolios (no que se integrarán diversas prácticas desenvolvidas nas sesións expositivas e interactivas), será preciso acudir, como mínimo, a dúas sesións de titoría, nas que facer o seguimento por parte da docente. Estas sesións serán indicadas na aula.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Deberá incluír unha recensión sobre un libro relacionado coa temática, a análise de novas de prensa, así como o estudo de caso sobre unha experiencia, programa, recurso... Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.	30
Presentación oral	A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por elo preciso que cada grupo estableza unhas normas de autorregulamento mínimas que faciliten a dinámica de traballo en tódolos casos. Valorarase: a orde na exposición; a claridade e corrección lingüística; a capacidade de síntese das ideas fundamentais; o nivel de profundidade na abordaxe da temática que amose a súa comprensión; a linguaxe non verbal e utilización do espazo; a creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...); o uso de recursos...	10
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros do alumnado en termos de obxectivos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	30



Portafolios do alumno	<p>Dossier ordeado por seccións, debidamente identificadas e paxinadas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado. Recolleranse, como mínimo, o rexistro dunha sesión expositiva (mapa conceptual, glosario, reflexión grupal sobre os contidos, aplicación á Educación Infantil...) e de tres prácticas de sesións interactivas (discusión dirixida, análise de fontes documentais, presentación oral, estudo de caso...), e unha autoavaliación individual en relación ás aprendizaxes e competencias desenvolvidas na materia, o grao de implicación persoal nas actividades e traballos grupais...</p> <p>Na cualificación do cartafol, contéplase o traballo final (20 pto.) e a asistencia a clase (10 pto.).</p> <p>Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe; a evolución da aprendizaxe reflectida nas prácticas recollidas en relación ao grao de profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais; a presentación; entre outros.</p>	30
-----------------------	---	----

### Observacións avaliación

- 1.- Para superar a materia é imprescindible ter superadas todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario, a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual.
- 2.- A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula serán consideradas de forma positiva no proceso de avaliación.
- 3.- Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non teña unha asistencia sistemática, establécense os seguintes criterios de avaliación:

Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica, que deberá ser acordado coas profesoras a inicios de curso para a convocatoria de xaneiro, e a inicios do segundo cuadrimestre para a convocatoria de xullo (30%).

Proba de ensaio (70%). 4.- Para acollerse á modalidade presencial, cómpre ter unha asistencia mínima do 85%.

### Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

- 1.- É obrigatoria a entrega da ficha de identificación persoal para todo o alumnado antes do 15 de outubro do ano en curso.
- 2.- Non se admitirán traballos dos que as profesoras non teñan constancia da súa realización.
- 3.- Os traballos, tanto en formato impreso coma dixital, presentaranse ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora). É aconsellable facer copia do orixinal que se entrega.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías